



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 4 DE

XUÑO DE 2012

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás dez horas do día catro de xuño de dous mil doce, baixo a presidencia da alcaldesa en funcións dona María Jesús González Roel, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Rocio Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez, dona Marta Maria Vázquez Golpe, don Santiago Manuel Ríos Rama e don Manuel Marante Gómez.

Non asiste, con escusa, don Felipe Andreu Barallobre.

Intervén como secretaria da Corporación dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examinaronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, dos borradores das actas das sesións ordinarias de data 14 de maio, 23 de maio e 28 de maio de 2012.

A señora presidenta pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación aos borradores das actas correspondentes ás sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local de datas 14, 23 e 28 de maio de 2012 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros asistentes á sesión, aprobou os citados borradores.

2º.- Correspondencia.

- Orde do 15 de maio de 2012, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se regulan as bases que rexerán as subvencións dirixidas a entidades de acción voluntaria para o fomento e a realización de actividades de voluntariado e se procede á súa convocatoria para o ano 2012. (Diario Oficial de Galicia número 101, de 29 de maio de 2012).

- Orde do 24 de maio de 2012, da Consellería de Traballo e Benestar, pola que se regulan as axudas económicas para atención de primeira infancia en escolas infantís 0-3 non sostidas

con fondos públicos a través do programa Cheque infantil, e se procede á súa convocatoria. (Diario Oficial de Galicia número 102, de 30 de maio de 2012).

- Escrito de dona Victoria Amor Prieto, rexistrado de entrada ao núm. 7152, o día 30 de maio de 2012, no que informa, na súa calidade de concelleira polo grupo municipal do BNG, da súa ausencia do termo municipal entre os días 1 e 7 de xuño, por motivos persoais.

- Correo electrónico recibido o día 31 de maio de 2012, remitido polo secretario accidental da Mancomunidade, ao que se achega copia da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de data 10 de maio de 2012, na que se desestima o recurso de apelación interposto polo Concello de Oleiros contra a Mancomunidade, confirmando a anterior sentenza de instancia.

3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área.

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes do concelleiro delegado da área de Deportes, Xuventude e Voluntariado

Don Fernando Caride Suárez informa que o sábado pola mañá tivo lugar o pase de graos de judo do Club de Cambre, as escolas deportivas municipais, etc., que se completou pola tarde cun encontro solidario de artes marciais. Ambos eventos foron un éxito.

Informa que tamén foi un éxito de asistencia a festa de fin de curso das escolas de patinaxe que tivo lugar o domingo pola mañá.

Informes da concelleira delegada da área de Economía, Facenda, Promoción Económica e Consumo

Dona Marta María Vázquez Golpe informa que os días 15, 16 e 17 de xuño terán lugar a X Feira do Comercio e Artesanía de Cambre.

Tamén informa que xa dentro da campaña “TI FAS CAMBRE”, consistente na creación dunha plataforma web empresarial, participaron 70 empresas. Esta iniciativa vai arroupada cunha campaña de lanzamento publicitaria que van intentar que coincida coa Feira do Comercio, pero todo dependerá da imprenta.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente

Dona Rocio Vila Díaz informa que a empresa do inventario estivo co traballo de campo, e esta semana vanse reunir cos técnicos para aunar criterios.

Tamén informa de que como consecuencia do cambio legislativo a nivel estatal, xa van a comezar a aplicar a Ordenanza de actividades.

Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que están analizando o tema da roza dos terreos privados. Dende decembro hai uns 130 expedientes informados no departamento de Servizos, deles a xente xa rozou en 60 e quedan 70 que non fixeron nada.

Ademais, hai 200 expedientes máis pendentes de informe, algúns deles veñen do ano 2006. Sinala que habería que ver a posibilidade de contratar un técnico para estas cousas, e tamén para axilizar o tema dos expedientes de actividades, xa que considera que se trata de dous temas urxentes e prioritarios.

Dona Rocío Vila Díaz contesta que algúns dos terreos van ser limpados polo concello, e que tanto o xefe da área de Urbanismo e Réxime Interior, como o concelleiro de Réxime Interior, están mirando o tema.

A continuación, don Manuel Marante Gómez informa que mañá, se o tempo o permite, comezarán os traballos para levantar o aglomerado na rúa Padre Feijoo. Insiste na importancia de que a obra quede en perfecto estado.

Informes do concelleiro delegado da área de Cultura e Turismo

Don Santiago Manuel Ríos Rama informa que o pasado venres tivo lugar, no salón de actos do instituto Afonso X O Sabio, a gala de entrega de premios aos gañadores do XIX certame literario de poesía e narrativa do concello.

Tamén informa que o pasado venres pola tarde tivo lugar, no museo do xacemento romano de Cambre, a inauguración da exposición da pintora dona Titi López Petinal titulada "Entornos", cun grande éxito de asistencia.

A continuación, informa que o venres día 8 de xuño ás 20:30, na sala de exposicións, terá lugar a inauguración da exposición itinerante "Ondas de irmandade II", patrocinada pola

Deputación da Coruña, que conmemora o centenario do asociacionismo mariñeiro no golfo Ártabro. Inclúe unha actuación do grupo de cantareiras “Faltriqueira”.

Para rematar, informa que o día 9 pola tarde terá lugar o concurso de postres de Cambre, 2012.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona M^a Jesús González Roel informa que o día 8 vaise celebrar un acto conmemorativo do 25 aniversario do colexio Brexo-Lema.

O mesmo día 8, pola tarde, terán lugar as actividades de encontro e de lecer, no pavillón.

Tamén informa que o día 9 vai ter lugar unha excursión a Carballiño, de 70 persoas, organizada pola Xunta coa colaboración dos concellos.

Para rematar informa que o día 10 pola tarde, están invitados pola ANPA Fendetestas, ao acto de fin de curso na Sociedade de Cecebre.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as once horas, do que eu, secretaria, certifico.

A presidenta

M^a Jesús González Roel



A secretaria xeral

Maria Luisa de la Red Ampudia

